





**Concello
de PIÑOR**

Ref: MFG



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
A/A Presidencia
r. Progreso, 32
32003 Ourense

Asunto: achega acordo plenario sobre convenio marco de cooperación en materia de transparencia e acceso á información pública

Achega acordo plenario adoptado na Xunta de Goberno Local o 8 de outubro de 2015, relativo ó convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Piñor en materia de transparencia e acceso á información pública, e tamén designación da persoa responsable de transparencia da entidade local.

Piñor, 13 de outubro de 2015

José Luís González Rodríguez
Alcalde do Concello de Piñor



Concello de PIÑOR

D. Carlos Jesús Méndez-Losada Abalo, Secretario – Interventor en réxime de Acumulación do Concello de Piñor, provincia de Ourense

CERTIFICO:

Que, conforme ós documentos que constan nestas oficinas municipais, o Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 8 de outubro de 2015, adoptou por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Aprobación, se procede, para a adhesión o Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública e designación, se procede da persoa responsable de transparencia da entidade local.

Dáse conta de que dito punto é competencia deste órgano en función da delegación de competencias na Xunta de Goberno Local aprobada en sesión plenaria de vinte e oito de setembro de dous mil quince.

*A vista do Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais en materia de transparencia e acceso a información pública **ACÓRDASE:***

PRIMEIRO.- Aprobado a adhesión do Concello de Piñor ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

SEGUNDO.- Transferirle á Deputación de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no citado convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Marta Fernández Guerra. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ó alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade este acordo.

E para que conste e ós efectos oportunos cos salvedade establecida no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, expido o presente en Piñor, a nove de outubro de 2015.

Vº Bº

O ALCALDE

Asdo: José Luis González Rodríguez